



XVII Feira do Queixo e Pan de Ousá



29 marzo 2009



FRIOL (Lugo)



Saída do alcalde

Ó longo dos últimos anos a base da economía local non mudou, tódolos veciños e veciñas atopamos no agro e nas nosas explotacións gandeiras, a fonte principal de ingresos.

O progreso tamén chegou pouco a pouco, e fóronse ampliando e mellorando as producións de carne e leite, mellor calidade, mellor produto, e en máis cantidade.

E nós soubemos conservar e manter xunto coas máis modernas instalacións gandeiras e a modernización do agro, os nosos produtos de sempre, os produtos que nos identifican hoxe, e que tamén o fixeron na época dos nosos antergos.

E hoxe como antes, seguen elaborándose da mesma forma, co mesmo agarimo, coas mans e sen industrializar o proceso, dun xeito artesanal, valorado e apreciado, que debemos conservar de cara ó futuro. Porque nos distingue, porque nos diferencia no mercado, porque o **Queixo de Friol e o Pan de Ousá**, teñen merecida fama pola súa calidade, baseada integramente na elaboración artesanal e nas boas materias primas, sen aditivos, sen engadidos e con características de cor, textura e sabor imposibles de imitar.

O Concello, coa XVII Edición da Feira do Queixo de Friol e Pan de Ousá, rinde un ano máis, homenaxe ás queixeiras, que mantiveron a tradición, e ó mesmo tempo aposta decididamente polo futuro, pola economía local, pola comercialización e difusión do mellor de nós, do que mellor facemos, para compartir cos consumidores o noso, o que degustamos tódolos días,.... para que saiban o que é bon.

Todos os que nos coñecen repiten, gustan da boa mesa e do bon xantar, gustan da tranquilidade e do descanso merecido, do paso do tempo de vagar, namentras as nosas xentes traballan para manter a tradición, innovando co tempo, e mellorando o rendimento económico no rural.

Antonio Muiña Pena. Alcalde de Friol (Lugo)

FRIOL

XVII Feira do Queixo e Pan de Ousá

Programa de Actos

- Ás 10,00 horas: - Lanzamento de foguetes de artificio anunciando o comezo da feira.
- Ás 10,30 horas: - Asignación de Stands.
- Ás 11,30 horas: - Apertura de feira
Pasarrúas a cargo da:
CHARANGOS de NEDA,
CHARANGA de VILALBA e
"BANDA das ANGUSTIAS de FERROL"
que continuarán ata ás 14,30 horas.
- Ás 20,00 horas: - Comezo da Festa coa actuación da Orquestra
"CHARLESTON BIG-BAND".
- Ás 12 da noite: - Remate dos actos desta **"XVII FEIRA DO QUEIXO E PAN DE OUSÁ"**.